

AS NOGAIS*Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía nº 2026-0225, do 13 de xullo de 2026, ampliouse en 5 días hábiles adicionais o prazo previsto polo artigo 5 das bases de selección e contratación de persoal laboral temporal e formación de bolsas de emprego para un posto de xefe de brigada, ao abeiro do convenio de colaboración subscrito coa Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a prevención e defensa contra os incendios forestais, coas seguintes características:

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 13 de xullo de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1903

A PONTENOVA*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE NO CONCELLO DA PONTENOVA PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía de data 10/07/2026, aprobáronse a convocatoria e as bases para a ampliación da bolsa de emprego temporal, auxiliares de axuda no fogar, creada por Resolución de Alcaldía nº 2025-0649, de data 30/10/2025.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova <https://concellodapontenova.sedelectronica.gal>

A Pontenova, 10 de xullo de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1904

O SAVIÑO*Anuncio*

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 3 bimestre do exercicio 2024, aprobados por Decreto de Alcaldía de data 10 de xullo do 2026.

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 20 de xullo e o 21 de setembro de 2026, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico